

Tema 1. A Revolución Industrial.

1. A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL.

Nas sociedades preindustriais ou do Antigo Réxime predominaba unha agricultura de subsistencia e unha produción artesanal pouco desenvolvida. Ademais, a maior parte da poboación tiña escasa capacidade de compra, os medios de transporte eran lentos e o comercio víase obstaculizado pola existencia de aduanas interiores.

O desenvolvemento da industria moderna estivo impulsado por transformacións na demografía, na agricultura, nas formas de produción manufacturera, na banca, no comercio e nos transportes. Foi un proceso de cambio que afectou todos os sectores da economía e da sociedade, o que permite cualificalo de revolucionario.

Este proceso iniciouse en Inglaterra, onde se concentraron desde mediados do século XVIII numerosas fábricas téxtiles e siderúrxicas. O proceso iniciado no Reino Unido estendeuse axiña a outros países, o que permitiu a creación dun mercado mundial.

Esta Primeira Revolución industrial produciuse entre 1780 e 1850 aproximadamente e caracterizouse polo uso do carbón como fonte de enerxía; a máquina de vapor e a fábrica como símbolos do novo maquinismo; e a industria téxtil do algodón como pioneira do cambio. Posteriormente, produciuse unha nova fase á que chamamos Segunda Revolución industrial, que se iniciou cara á década de 1870. A electricidade, o petróleo e o motor de explosión foron os símbolos desta nova transformación do capitalismo.

a) A REVOLUCIÓN DEMOGRÁFICA.

A Revolución industrial foi paralela a unha serie de cambios na poboación e na agricultura do Reino Unido. A poboación inglesa triplicouse en século e medio: de 5 millóns en 1701 pasouse a 17,9 millóns en 1851. O éxito da industrialización británica pode atribuírse ao crecemento simultáneo da poboación e dos recursos agrarios.

A poboación medrou debido á conxunción de dous procesos: o mantemento dunha alta natalidade e o descenso da mortalidade.

Desde mediados do século VIII iniciouse unha redución da mortalidade, especialmente da infantil, por dúas causas principais:

- A dieta mellorou, grazas ao incremento da produción agraria e aos novos medios de transporte, que aumentaron a cantidade e a dispoñibilidade de alimentos.
- Producíronse avances na medicina (vacina contra a varíola de Jenner, 1796) e melloras nas condicións hixiénicas (uso de roupa interior e extensión da potabilización da auga).

b) A REVOLUCIÓN AGRARIA.

O sector agrario contribuíu de forma decisiva ao éxito da industrialización. A chamada «revolución agrícola» iniciouse a principios do século XVIII coas leis de cercados (*enclosure acts*) e a introdución de novidades técnicas na actividade agraria. Tamén foi decisiva a aparición de novos empresarios agrícolas de mentalidade capitalista.

Gran parte do terreo agrícola inglés eran campos abertos (*openfield*), grandes propiedades comunais. A súa explotación colectiva beneficiaba o campesiñado máis pobre, xa que lles proporcionaba leña e outros produtos.

As leis de cercados, aprobadas polo Parlamento británico, transformaron as terras comunais en grandes parcelas privadas e valadas. Os cercados tiveron consecuencias importantes:

- Ao desaparecer os bens comunais, o campesiñado sen terra non puido subsistir e buscou traballo nas cidades, onde pasou a formar parte do proletariado industrial.
- Aumentou a produtividade da terra, pois creáronse grandes explotacións en que se mecanizaron os labores agrícolas. Introducíronse innovacións técnicas, como a sementeira, a malladora e a colleitadora mecánicas, e o arado de ferro.

Os cercados impedían que o gando pacesse nos campos, polo que se estableceu e comezou a ser alimentado con plantas forrageiras (alfalfa, trevo, fabas ou nabos). A dispoñibilidade destas plantas foi posible grazas á aplicación da rotación de cultivos (sistema Norkfolk). Este sistema contribuíu a incrementar a produción e a produtividade agraria, xa que se eliminaron os barbeitos, e algunhas plantas, como o nabo, o trevo e a alfalfa, axudaban a manter a fertilidade

Tema 1. A Revolución Industrial.

da terra. Por outra parte, estas innovacións permitiron aumentar o número de cabezas de gando e, polo tanto, dispoñer de máis fertilizante natural para os campos de cultivo.

Os resultados destas innovacións foron extraordinarios. A produtividade agraria aumentou un 90% e os ingresos dos propietarios agrícolas creceron. O desenvolvemento agrario propiciou o arrinque da industria: o campo subministraba alimentos, materias primas para a industria e man de obra para traballar nas fábricas. Ademais, como a poboación agrícola incrementou os ingresos, puido comprar produtos industriais, estimulando a súa produción.

c) INDUSTRIAS PIONEIRAS

A finais do século XVIII iniciouse un cambio económico crucial: apareceron as primeiras fábricas, que supuxeron o nacemento da industria moderna. Pouco a pouco, os obradoiros artesanais foron desaparecendo ata acabar reducidos á fabricación de certos produtos minoritarios ou de luxo.

A industrialización estivo acompañada dunha inovación tecnolóxica sen precedentes. Como consecuencia, a forza humana ou animal foi substituída de forma progresiva pola forza das máquinas nos procesos de produción.

c.1. A industria téxtil do algodón

A industria do algodón foi o motor dos cambios. O algodón traballábase en Europa desde a Idade Media: o artesanado elaboraba o fío á man cun fuso ou roca. Pero o fío que se obtiña era escaso e fino e había que mesturalo con liño para que fose máis resistente. A necesidade de innovar xurdiu pola nte demanda de fío barato e de calidade.

O desenvolvemento da máquina de fiar **Spinning-Jenny** de Hargreaves en 1764 e outros inventos posteriores permitiron aumentar de maneira extraordinaria a produción de fiados, pois cada máquina estaba formada por varios fusos.

A produción de fío aumentou tanto que resultou necesario desenvolver novas máquinas de tecer con capacidade para absorbela. Entre elas destacou o tear mecánico (1785). Este producía tea de algodón de máis calidade, máis barata e en maior cantidade ca a obtida polos métodos tradicionais.

Estes cambios non serían posibles sen a introdución da **máquina de vapor de James Watt**, patentada en 1769. Este invento, que permitía utilizar a forza do vapor para mover as fiadoras e os teares, expandiuse con rapidez. Estas máquinas usaban carbón como combustible, un mineral moi abundante no Reino Unido.

A industria do algodón concentrouse sobre todo nas cidades de Manchester e Liverpool, e a maior parte do algodón procedía das plantacións dos Estados Unidos.

Foi un sector rector, é dicir, o que impulsou o desenvolvemento industrial, e ao que despois seguiron outros (siderurxia e metalurxia). Tamén potenciou o crecemento doutros sectores, como a agricultura, da que obtiña materias primas; a siderurxia, que proporcionaba as máquinas; e a minaría, necesaria para o metal co que se facían as máquinas.

c.2. A industria siderúrxica

A siderurxia e a metalurxia tamén experimentaron notables avances neste período. O primeiro paso foi o uso dun novo combustible nos fornos de fundición: o carbón de coque, de gran poder enerxético, que substituíu o carbón vexetal.

O seu uso cobrou interese cando se inventarou a **pudexaxe**, método polo que se obtiña un ferro máis puro, e a **laminación**, que facilitou o traballo do ferro.

O impulso do sector siderúrxico debeuse primeiro á demanda de máquinas para a industria téxtil o agro e, desde 1830, ás necesidades da construción do ferrocarril.

d) A REVOLUCIÓN DOS TRANSPORTES

A industria necesita para o seu funcionamento un sistema eficaz de distribución, que á súa vez require unha rede de transporte rápida e segura.

A mediados do século XVIII, o transporte de persoas e mercadorías era lento.

Tema 1. A Revolución Industrial.

A solución veu primeiro da construción dunha rede de **canais** que uniron os centros produtores de materias primas coas zonas industriais.

As estradas e os camiños, en mal estado, empezaron a renovarse coa creación dunha rede radial arredor de Londres e da mellora do firme con lastras.

Gran parte destas estradas eran privadas e de peaxe. A dilixencia era o sistema de transporte usual por vía terrestre.

O ferrocarril supuxo unha gran «revolución». A pesar de que a máquina de vapor se coñecía desde 1769, a súa aplicación ao transporte atrasouse porque a competencia inicial dos canais, conectados cos centros mineiros e a rede de portos, non facía necesario o transporte terrestre.

O enxeñeiro George Stephenson construíu a primeira locomotora de vapor para o transporte de persoas e mercadorías, coñecida como **The Rocket**. En 1830 comezou a funcionar a liña férrea Liverpool-Manchester, a primeira liña regular que só usaba locomotoras de vapor.

As consecuencias deste invento foron numerosas:

- Beneficiou a industria metalúrxica, e a súa produción aumentou moito grazas á fabricación dos trens e dos raís.
- Significou un gran desenvolvemento para a enxeñaría civil, que tivo que deseñar os trazados ferroviarios, pontes e túneles.
- Facilitou o transporte de materiais pesados, xa que cunha soa locomotora podía transportar un gran volume de carga.
- Acurtou o tempo das viaxes de forma espectacular. A viaxe de Londres a Manchester por estrada, en 1750, duraba dous días; en 1855 o mesmo traxecto podía facer en tren en seis horas.
- Abaratou o prezo das materias primas e dos produtos, pois a redución dos custos de transporte reflectíase no prezo final.
- Potenciou a formación de grandes sociedades de capital, posto que a construción e o mantemento do ferrocarril esixían enormes investimentos.
- Favoreceu que os desprazamentos fosen máis frecuentes.

A rede de transportes completouse coa introdución da navegación de vapor. En 1807 puxose en funcionamento o **barco de vapor** Clermont, que cubría o traxecto Nova York-Albany en 32 horas, mentres que un barco de vela tardaba catro días.

O comercio a longa distancia.

O comercio exterior británico tivo un destacado papel na Revolución industrial. A importación e a exportación de algodón tiveron grande importancia: a comezos do século XIX, supoñían a metade do valor das exportacións e o 20% das importacións británicas. Esta actividade estimulou o desenvolvemento industrial e favoreceu a acumulación de capital.

Outra actividade rendible foi o comercio de man de obra escrava. Aínda que xa en 1807 Reino Unido prohibiu o tráfico de escravos, este continuou nas colonias das Antillas británicas ata 1833-1838 (**Comercio triangular**).

2. A SEGUNDA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL.

Entre 1870 e 1914, houbo unha segunda fase de desenvolvemento económico en Europa. Usáronse novas fontes de enerxía e xurdiron outras industrias. Os transportes e as comunicacións experimentaron un grande avance.

Esta etapa caracterizouse por un proceso de concentración empresarial e de desenvolvemento do capitalismo financeiro, unha maior competencia no comercio internacional e a perda da supremacía industrial británica ante a aparición de novas potencias industriais dentro e fóra de Europa.

A) Novas fontes de enerxía e novas industrias

A relación entre investigación e empresa intensificouse na segunda metade do século XIX. A partir desa época xeneralizouse a necesidade de protexer a invención mediante **patentes**. Ademais, a crecente interdependencia entre

Tema 1. A Revolución Industrial.

ciencia, enxeñaría e industria fixo que se desenvolvesen os laboratorios de investigación públicos e privados. Houbo grandes innovacións en múltiples sectores: a química aplicada, a produción de armamento, os transportes, a medicina, etc. Tamén apareceron a fotografía e o cine, e as técnicas de conservación, almacenaxe e distribución de alimentos.

A.1. A electricidade e o petróleo

Esta segunda fase da industrialización distínguese pola aparición de dúas novas fontes de enerxía que comezaron a desprazar paulatinamente o carbón e o vapor: a electricidade e o petróleo.

Unha serie de innovacións fixeron da electricidade unha das fontes de enerxía máis importantes nesta etapa: o invento da **dínamo**, da **lámpada de filamento** incandescente perfeccionada por Edison, dos motores eléctricos transportables e fáciles de instalar, e das turbinas hidráulicas para producir electricidade nas centrais hidroeléctricas. A aparición do alternador e do transformador, pouco antes de 1900, permitiu o transporte da corrente eléctrica mediante cables de alta tensión, facilitando o uso da electricidade na industria.

Non tardaron en desenvolverse múltiples aplicacións da electricidade: a iluminación pública, os transportes (tranvías e ferrocarrís eléctricos), as comunicacións (telégrafo eléctrico, teléfono, radio) e o ocio (fonógrafo, cinematógrafo).

Ademais, a fabricación de material eléctrico impulsou a aparición de grandes empresas e sociedades, como Philips, nos Países Baixos; Siemens e AEG, en Alemaña; e General Electric e Westinghouse, en Estados Unidos.

O **petróleo** foi adquirindo importancia progresiva, se ben o carbón seguiu sendo a fonte de enerxía máis utilizada. Comezou a explotarse comercialmente a partir de mediados do século XIX, cando se realizaron as primeiras perforacións en Europa e Estados Unidos. Pero o gran salto da industria petrolífera estivo ligado co desenvolvemento de novos medios de transportes, como os automóviles, os barcos e os avións.

Tamén comezou a utilizarse o petróleo como materia prima para a obtención de subprodutos e materiais plásticos, co que se orixinou a industria petroquímica.

A.2. Novas industrias: siderúrxica e química

Na siderurxia houbo grandes logros tecnolóxicos. A produción de aceiro de maior calidade e menor custo supuxo un enorme adianto.

As características do aceiro -elasticidade, dureza, resistencia- posibilitaron a fabricación de máquinas e motores máis precisos, lixeiros e pequenos, e resultou un material excelente para construír ferrocarrís, barcos, pontes, etc.

O achado de aceiros especiais ou **alíaxes** (aceiro cromado, niquelado, inoxidable) e de novos metais (**aluminio**) permitiu o desenvolvemento das industrias máis características do século XX: automóvil, aeronáutica e armamento.

O nacemento da **industria química** a mediados do século XIX estivo ligado aos avances científicos e técnicos, e as innovacións aplicáronse á creación de produtos farmacéuticos, medicamentos e perfumes. Con todo, a maior parte da produción do sector químico eran fertilizantes minerais elaborados e explosivos.

B) Cambios nos transportes e comunicacións

Durante a segunda metade do século XIX e as primeiras décadas do XX, produciuse un progreso extraordinario nos transportes e nas comunicacións, que xerou efectos económicos e sociais importantes: facilitou a integración e a especialización dos mercados continentais e transoceánicos, o crecemento do comercio internacional e as migracións intercontinentais.

O ferrocarril. A substitución do ferro polo aceiro permitiu aumentar a resistencia dos raís e a capacidade dos vagóns. Incrementáronse a velocidade e a seguridade, ao tempo que se abarataron as tarifas, co que se xeneralizou o seu uso. Cara a 1870, encontrábanse en pleno funcionamento as grandes redes ferroviarias continentais que unificaron os mercados nacionais tanto en Europa coma en Estados Unidos.

O transporte marítimo. A partir de 1865, os buques de vapor acabaron imponéndose aos barcos de vela a causa das innovacións técnicas. A substitución dos cascos de madeira polos de ferro e aceiro e das pas pola hélice diminuíu

Tema 1. A Revolución Industrial.

os custos de mantemento e aumentou o espazo reservado a mercadorías e pasaxeiros. A apertura dos canais de Suez (1869) e de Panamá (1914) acurtou as distancias e reduciu as tarifas. Ademais, as innovacións técnicas na refrixeración permitiron o transporte de carne e doutros produtos refrixerados ou conxelados desde América ata Europa, e viceversa.

Os novos medios de transporte. A fins do século xx, coa aparición dos tranvías, dos ferrocarrís eléctricos subterráneos e do automóbil, mellorou notablemente o transporte interior e modificouse a fisionomía das cidades. Outro invento notable de gran transcendencia social foi a bicicleta.

O nacemento do automóbil está ligado co desenvolvemento de dous inventos: o motor de explosión movido por gasolina e o pneumático. Aínda que os primeiros prototipos son de 1886, ata dez anos despois non xorden exemplares de laboratorio, que evolucionaron rapidamente nas primeiras décadas do século XX. Entre 1895 e 1910, a produción de automóbiles era xa un importante factor económico.

O primeiro posto na fabricación masiva de coches con motor de gasolina ocupouno Estados Unidos (Henry Ford), e na década de 1920 estendeuse a Europa (Renault).

Tamén nesta época deu os seus primeiros pasos a **aviación** coa invención do aeroplano polos irmáns Wright en 1903. Non se desenvolveu ata a Primeira Guerra Mundial (1914-1918), que estimulou o progreso da aeronáutica por razóns militares.

As telecomunicacións. Os progresos nas telecomunicacións tiveron tamén un grande impacto tanto social coma económico. Este progreso debeuse á electricidade, base de todas as telecomunicacións.

O teléfono e a telegrafía sen fíos permitiron unha transmisión case instantánea das noticias, e o seu uso estendeuse rapidamente nas grandes empresas e firmas comerciais, na banca e na Bolsa.

O cine, as innovacións técnicas na prensa e as artes gráficas deron paso á cultura de masas e de entretemento. Xurdiu a radio como medio informativo, e os seus primeiros pasos, arredor de 1894, débense a Tesla e a Marconi.

3. TRANSFORMACIÓNS E CONSECUENCIAS DA REVOLUCIÓN INDUSTRIAL.

A) Nova estrutura social: A sociedade de clases.

A Revolución industrial e os cambios políticos que a acompañaron significaron o xurdimento dunha nova estrutura social, na que a posición se baseaba na riqueza, e non en nacer nun determinado estamento. Nesta nova sociedade, as persoas podían cambiar de grupo. Xurdiron clases sociais abertas, entre as que podía existir mobilidade, condicionada sempre pola riqueza, o poder ou as relacións sociais e familiares.

Apareceron tamén novos grupos sociais que se encadraron en tres grandes conxuntos:

A.1. As clases baixas

As clases baixas incluían os sectores pobres tradicionais: xornaleiros e campesiñado sen terras, sectores pobres urbanos, marxinados sociais, etc. Pero o máis destacable foi a aparición dun novo grupo social de rápido crecemento: o **proletariado**, formado polos obreiros e as obreiras das novas industrias.

O aumento do número de persoas obreiras foi posible pola chegada aos núcleos fabrís de poboación campesiña, que quedara sen traballo e sen terra que cultivar, e polo gran crecemento demográfico do século XIX. En só un século, de 1801 a 1901, o número de persoas empregadas na industria pasou no Reino Unido de 4,8 a 16,7 millóns.

Homes, mulleres e nenos traballaron nas fábricas, nas minas ou nos altos fornos como man de obra asalariada. Tratábase dunha man de obra pouco cualificada e nada afeita ao traballo na industria, en locais pechados e insáns, nos que, ademais, se implantou unha disciplina inhumana. As condicións laborais e salariais eran moi duras e os contratos non tiñan en conta ningún dereito.

Estas condicións de traballo na industria eran moi duras, xa que as empresas tiñan como obxectivo principal obter o máximo beneficio, por riba de calquera outra consideración:

Tema 1. A Revolución Industrial.

- Longas xornadas laborais de 14 a 16 horas diarias.
- Disciplina estrita, que incluía castigos corporais e sancións económicas segundo unha regulamentación imposta pola empresa.
- Supresión dos descansos dominicais e festivos.
- Despedimento libre e inexistencia de calquera tipo de retribución no caso de enfermidade, accidente laboral ou desemprego.
- Ausencia de dereitos laborais ou sindicais.

A.2. As clases medias

Os sectores tradicionais das clases medias seguiron existindo: campesiñado con terras, pequenos e medianos artesáns e comerciantes, aínda que ao longo do século XIX produciuse un incremento espectacular doutras profesións.

Apareceron os traballadores cualificados da industria: enxeñeiros, deseñadores ou contables. A súa importancia foi crescendo a medida que xurdían novas necesidades e que a tecnificación aumentaba.

As transformación na economía e sociedade causaron un incremento no número de persoas empregadas na banca ou que se dedicaban a profesións liberais (avogados, médicos, profesores, notarios...).

A creación de Estados liberais produciu un crecemento considerable das administracións públicas e, polo tanto, do corpo de funcionarios.

A. 3. As clases altas

A nobreza perdeu o seu papel tradicional como grupo reitor da sociedade, aínda que conservou o seu prestixio e a súa influencia.

A Revolución industrial supuxo o triunfo da **burguesía** como grupo social predominante que controlaba o poder político e económico. A burguesía incluía os grandes comerciantes, os industriais e tamén os propietarios de terras que aplicaron técnicas modernas nas súas explotacións agrarias.

A figura máis destacada da burguesía foi o empresario industrial. O seu poder e a súa influencia aumentaron continuamente durante o século XIX. As súas orixes sociais eran moi diversas: antigos propietarios rurais, pequenos comerciantes, rendistas e banqueiros que viron a oportunidade de facer negocio na industria.

B) Novo modelo económico e político: Liberalismo e capitalismo

O principal teórico do **liberalismo** foi Adam Smith (1723-1790). Expuxo ideas innovadoras:

Segundo Adam Smith, o que movía as persoas a actuar en economía era o interese individual. Esta doutrina apoiaba a iniciativa privada fronte ao Estado, que debía reducir o seu papel e deixar que a «**man invisible**» do mercado, como a chamou Smith, dirixise libremente a economía. O Estado debía limitarse a manter a xustiza, defender o territorio e facer as obras que a iniciativa privada non realizaba. Adam Smith pensaba que se se deixaba actuar libremente a iniciativa privada, se produciría un crecemento continuo que beneficiaría a todas as persoas.

Adam Smith foi, ademais, quen primeiro estudou o aumento da produtividade como resultado da división técnica do traballo.

Fronte á visión optimista de Adam Smith xurdiu un liberalismo máis pesimista, que vía puntos débiles no novo sistema capitalista. O principal exemplo é **Malthus** (1766-1834) observou que a poboación medraba a un ritmo maior ca os alimentos. A consecuencia disto é que periodicamente se producía unha fase de gran mortalidade para volver equilibrar a poboación e os recursos (crise malthusiana). Para evitar a catástrofe propoñía freos «preventivos», como a redución voluntaria da natalidade.

B.1. O sistema económico capitalista

A Revolución industrial supuxo o triunfo pleno, absoluto, do sistema económico capitalista, cuxo funcionamento se basea nas teorías do liberalismo económico.

Tema 1. A Revolución Industrial.

O sistema fabril necesitaba grandes cantidades de diñeiro para crear e facer funcionar as empresas, o que potenciou o desenvolvemento da banca e das Bolsas de valores. O cambio económico veu acompañado de transformacións sociais profundas:

- O paso dunha sociedade rural de base agraria a unha sociedade de base industrial con gran desenvolvemento urbano.
- O paso dunha sociedade estamental, cuxos privilexios por nacemento eran de orixe xurídica, a unha sociedade de clases, baseada na riqueza.
- O crecemento económico, unido á industrialización, aumentou durante o século XIX o benestar económico xeral de moitos países, pero de maneira moi desigual. As condicións de vida de certos grupos, como o da man de obra industrial, empeoraron durante a maior parte do século.

C) A resposta: o movemento obreiro.

No século XIX, varios pensadores denunciaron a situación da clase obreira e propuxeron solucións reformistas ou revolucionarias.

C.1. O socialismo utópico

Os primeiros socialistas denunciaron a miseria do proletariado e propuxeron formas de vida e de traballo alternativas. Estes pensadores foron chamados «utópicos» por considerar estas ideas idealistas e difíciles de implementar. Os socialistas utópicos compartían algunhas ideas:

- Pretendían crear unha sociedade ideal, en que o ser humano vivise en paz, harmonía e igualdade e á que se chegaría de forma pacífica.
- Daban grande importancia á solidariedade, á filantropía e mais ao amor fraternal.
- Defendían as innovacións da industria, pero condenaban os seus efectos nocivos sobre os obreiros.

Entre os seus principais ideólogos destaca **Robert Owen** (1771-1858) xa que foi o único en poñer en práctica estas ideas. Aplicou medidas para mellorar as condicións dos seus obreiros. Robert Owen pensaba que o carácter humano é moldeable e que foran as condicións impostas polo sistema capitalista as que levaran os obreiros á miseria e ao analfabetismo. Polo tanto, había que modificar as condicións sociais e laborais dos obreiros co fin de desterrar estes problemas. Puxo en práctica as súas teorías, pero os ensaios fracasaron en pouco tempo pola actitude de quen participaron nos experimentos.

C.2. O socialismo marxista

O marxismo ou socialismo científico foi elaborado por Karl **Marx** (1818-1883) e Friedrich **Engels** (1820-1895). A estancia de Engels en Manchester, onde se ocupou da fábrica do pai, permitiulle tomar conciencia da situación da clase obreira. En 1848 publicaron xuntos o **Manifesto comunista**, un resumo da súa doutrina social e política.

O Manifesto comunista posibilitou a unificación das tese de socialistas utópicos e as dalgúns historiadores burgueses, baseadas na idea de que a historia da sociedade non foi máis que a historia da loita de clases.

Segundo o pensamento marxista, as relacións sociais derivadas da produción determinan a estrutura socioeconómica de cada unha das etapas da evolución da humanidade. Marx denominou esas etapas modos de produción. No seo de cada modo de produción desenvólvense sempre novas forzas produtivas que xeran unha nova clase social en antagonismo coa antiga clase dominante.

Este antagonismo, é dicir, a loita de clases, é para os marxistas o motor do cambio social na historia.

Na época de Marx e Engels estaba desenvolvéndose o modo de produción capitalista: a sociedade dividíase en dúas clases antagónicas, burguesía e proletariado. Esta etapa caracterizábase pola loita entre a burguesía, que posuía os medios de produción, e o proletariado, que só posuía a súa forza de traballo, que vendía ao patrón a cambio dun salario. A burguesía fora revolucionaria ata que acabou cos vestixios do mundo feudal; pero despois quedou ancorada nas contradicións do sistema capitalista, o que -segundo Marx- levaría á destrución deste sistema.

Tema 1. A Revolución Industrial.

O traballo mais importante e influente de Marx foi **O capital**. Nesta obra explicaba que hai unha gran diferenza entre o valor do que produce o obreiro e a retribución que lle dá o patrón polo seu traballo. Esta diferenza, que Marx denomina plusvalía, é a base da acumulación capitalista e serve para medir a explotación do traballador, xa que canto máis alta sexa a plusvalía, maior será a explotación do traballador por parte do patrón.

O socialismo marxista postulaba a conquista violenta do poder polo proletariado, a substitución do sistema capitalista por outro sen clases e sen propiedade privada e a transformación do «Estado burgués» nunha ditadura do proletariado, forma transitoria de Estado ata alcanzar a sociedade comunista, na que o Estado non sería necesario.

O marxismo foi a base ideolóxica dunha parte substancial dos movementos revolucionarios da segunda metade do século XIX e todo o XX ata hoxe. Expandiuse a raíz da Revolución rusa de 1917.

C.3. O anarquismo

A outra gran teoría revolucionaria de base obreira foi o anarquismo. A palabra anarquía significa “sen autoridade”. O seu primeiro ideólogo foi Pierre-Joseph Proudhon, quen influíu nos dirixentes obreiros franceses contrarios á intervención do Estado, á propiedade privada e á influencia da relixión.

Proudhon sostiña que a emancipación dos traballadores debía lograrse de forma pacífica a través da asociación e do desenvolvemento da axuda mutua, de aí que a súa doutrina sexa chamada *mutualismo*. Finalmente, mostrouse partidario da anarquía, unha sociedade sen ningunha forma de autoridade, semellante ás sociedades primitivas.

O principal teorizador do anarquismo foi Mikhail **Bakunin**, quen defendía a rebelión espontánea contra a sociedade capitalista e contra o Estado. Esta doutrina pretendía non só promover a acción do proletariado industrial, senón a de todos os sectores oprimidos da sociedade: obreiros, soldados, estudantes e campesiños; a destes últimos, principalmente.

Desde unha oposición radical a toda organización e acción política, os bakuninistas distinguíronse do marxismo e enfrontáronse a este porque o seu obxectivo non era a conquista do Estado senón a súa destrución total.

Socialistas e anarquistas pretendían alcanzar a sociedade comunista (sen clases nin Estado), pero diferían nas estratexias para lograr este obxectivo. Para os anarquistas debíase suprimir inmediatamente o Estado, mentres que os marxistas sostiñan que era necesaria a conquista do Estado e o seu control por parte dos obreiros durante unha fase transitoria (ditadura do proletariado).

O anarquismo cualificaba o marxismo de autoritario e centralista, e definíase a si mesmo como antiautoritario e federalista ou comunalista. A revolución anarquista pretendía a destrución total e inmediata da orde social burguesa e dos seus instrumentos de control (Policía, Exército, Goberno, fronteiras, institucións estatais, etc.).

C.4. O movemento obreiro

As duras condicións de vida e de traballo dos obreiros industriais, así como a explotación económica que padecían, empurraron a unha parte da clase traballadora a organizarse para loitar contra estes abusos.

- Os precedentes do movemento obreiro:

Desde o século XVIII existían asociacións chamadas sociedades fraternidades (friendly societies), xerme do asociacionismo coa finalidade da protección do obreiro. Arredor do fin de século empezaron a evolucionar cara aos sindicatos. As “unions”, ou asociacións de traballadores, e os clubs de reforma política de tendencia democrática estendéronse polo Reino Unido na transición do século XVIII ao XIX. O primeiro ministro británico, ante o temor de motíns populares, promoveu leis que prohibiron calquera asociación con fins laborais.

Durante os anos de prohibición, os sindicalistas organizaban mitins clandestinos e, en ocasións, promoveron motíns contra as máquinas (ludismo). Os movementos luditas axitaron a sociedade británica desde finais do século XVIII ata a década de 1830 e estendéronse por toda Europa.

Tema 1. A Revolución Industrial.

As protestas e un clima social complexo (folgas, sabotaxes, protestas e disturbios) empurrou ao goberno a legalizar as asociacións obreiras. Na década de 1850 xurdiron os sindicatos profesionais de ámbito nacional, formados por obreiros técnicos que cobraban cotas aos socios e daban beneficios aos seus mutualistas.

A idea de formar unha organización obreira internacional era recorrente desde comezos do século XIX. Este anhelo materializouse por primeira vez coa formación da **Asociación Internacional de Traballadores (AIT)**.

A Asociación Internacional de Traballadores (AIT) ou **I Internacional** fundouse en 1864, en Londres. Constituíuse un comité que encargou a Marx a redacción do manifesto inaugural e do proxecto de estatutos da nova organización. O lema da AIT, que se faría famoso axiña, foi: «**Proletarios de todos os países, unídevos!**», a mesma frase con que finalizaba o Manifesto comunista de 1848.

O manifesto inaugural da AIT alentaba a conquista do poder político polo proletariado, pero na AIT convivían sindicalistas e socialistas de diversas tendencias. Fronte a sector máis autoritario, dirixido por Marx e Engels, que pretendía reforzar Consello Xeral con sede en Londres, xurdiu pronto un movemento que defendía a autonomía das organizacións locais e nacionais e que vía con mais simpatía o antiautoritarismo de Bakunin.

A pesar da expansión da Internacional de 1866 a 1869 (congresos de Xenebra Lausana, Bruxelas e Basilea), as discrepancias aumentaron. Os socialistas moderados foron desprazados polas teses radicais de Marx, que defendían a folga e propoñían a socialización dos medios de produción, sobre todo da terra.

O enfrontamento radicalizouse a partir de 1868, cando Bakunin ingresou na Internacional. En 1869, Marx e Bakunin mostraron a súa primeira discrepancia grave cando o segundo propuxo a abolición do dereito á herdanza, e foi derrotado polos marxistas. Aínda que o que levou á ruptura foi o rexeitamento bakuninista a toda posible intervención dos traballadores na «política burguesa», á que consideraban un cancro.

E a ruptura ocorreu coa diferente valoración que fixeron ambas as correntes da revolta da **Comuna de París** de 1871, levantamento obreiro esmagado polo exército. Bakunin vai xustificar a violencia polo que termina por ser expulsado. A fragmentación vai levar a disolución definitiva da asociación.

- II Internacional

A finais do século XIX, ao compás da expansión da industria, o mundo obreiro entrou nunha nova fase caracterizada polo aumento do número de sindicatos, a expansión do socialismo e a implantación de partidos socialistas. Estes cambios tiveron un influxo directo na reorganización do movemento obreiro, que se plasmou na fundación da II Internacional.

O aumento do número de traballadores industriais, unido á expansión do socialismo, cristalizou na formación e a expansión dos **partidos socialistas** e das organizacións sindicais nacionais.

Un dos primeiros foi o Partido Socialdemócrata de Alemaña (SPD), fundado en 1875. Adoptou un programa revolucionario marxista, aínda que sen renunciar á loita parlamentaria para conseguir melloras inmediatas nas condicións das clases traballadoras e lograr reformas democráticas como o sufraxio universal, incluído o voto feminino.

As décadas finais do século XIX resultaron claves na fundación doutros partidos socialistas, como o Partido Socialista Obreiro Español (1879).

No Reino Unido, o sindicalismo dos “*trade unions*” desenvolveuse á marxe do socialismo; para ter representación parlamentaria propia formaron, xa no século XX, o Partido Laborista.

Os partidos socialistas non presentaban uniformidade ideolóxica a pesar da influencia teórica da ideoloxía marxista nos seus programas. O socialismo foi adquirindo unha impronta máis propia da democracia liberal e favoreceu a vía reformista, ao admitir o parlamentarismo como método de reforma progresiva e pacífica en detrimento da loita revolucionaria. A finais do século XIX perfiláronse tres tendencias:

- A revisionista, vai negar o marxismo e cría que a transición ao socialismo era posible grazas á acción parlamentaria da man dos burgueses de esquerda. Van ser moi minoritarios.

Tema 1. A Revolución Industrial.

- A esquerdista, encabezada por Rosa Luxemburgo, e un sector do Partido Socialdemócrata de Rusia con Lenin á fronte. Defendía a loita de clases e a revolución como únicas vías ao socialismo. Dará lugar a creacións dos Partidos Comunistas.
- Centrista era a que sostiveron a maioría dos partidos socialistas europeos, e dará lugar ao que chamamos a socialdemocracia. Busca a igualdade e o benestar do proletariado desde as institucións e cunha intervención do estado.

A II Internacional fundouse no Congreso de 1889 en París. Adoptou unha clara orientación marxista, excluíu os anarquistas e organizouse como unha federación de partidos socialistas nacionais autónomos. Entre os seus obxectivos fundamentais estaba lograr unha lexislación laboral favorable para a clase traballadora (xornada de oito horas, prohibición do traballo infantil e dereito de folga).

Tamén instituíu o día 1 de maio (Día Internacional do Traballo) como festa reivindicativa.

O estalido da Primeira Guerra Mundial en 1914 mostrou a impotencia do socialismo para opoñerse á guerra e afondou as súas diverxencias. A ruptura definitiva produciuse co triunfo en Rusia da Revolución bolxevique e a decisión dos comunistas soviéticos de fundar unha nova Internacional, a III Internacional Comunista.